



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>RR (Infraestruturas verdes. Xestión de rodais recreativos)</b>
ESPECIE:	Tódalas especies forestais. A miúdo tratarase de arboretos ou áreas recreativas.
OBXECTIVO:	Xestión que compatibilice o uso público coa adecuada protección e xestión do sistema forestal.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Zonificación	Aplicable a rodais onde a actividade recreativa sexa especialmente relevante ou ás propias áreas recreativas establecidas en terreo forestal. Especialmente aplicable aos montes periurbanos, considerados como aqueles próximos a zonas urbanas e habilitados para uso sociorrecreativo en canto á accesibilidade, infraestruturas, accións e dotacións que aumenten a súa capacidade de acollida para reducir a presión poboacional sobre o resto de ecosistemas forestais.
Densidades	O marco de plantación, dependerá das especies presentes pero sempre buscando un distanciamento das árbores en estado de alto fuste, mínimo de 7m. Esta distancia poderá ser definitiva do marco de plantación ou utilizar un marco inferior e regular as densidades da masa para acadalo antes do estado de alto fuste. En todo caso a distancia mínima entre as proxeccións das copas das árbores e os elementos que podan ser destinados a cocifas, se as houbese, será como mínimo de 3m, en particular no caso de áreas recreativas.
Mantemento	Rozas frecuentes de matogueira e sega de especies herbáceas no caso de áreas recreativas. Cumprimento dos condicionantes de xestión de biomasa derivados da lexislación en materia de incendios forestais. Aconsellable unha distancia mínima de 50 m arredor das áreas recreativas e no interior da mesma.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas	Para o estrato arbóreo, a distancia entre pés en estado de alto fuste será, como mínimo, de 7 m. As podas garantirán a descontinuidade vertical, de xeito que o 35% da altura da árbore estea libre de ramas, o que suporá subir a altura de poda conforme as árbores medren en altura.
Desmestas	En áreas recreativas, nos montes bravos e bastíos as desmestas e as rareas permitirán a apertura da masa para acadar os 7 m de separación, aplicándose secuencialmente ata acadar o estado de alto fuste. Nos rodais recreativos, procurarase manter niveles baixos de densidade, mediante aplicación de desmestas.
Rareas	As rareas poderán ser seleccionadas en función das especies forestais presentes co obxecto de modular a espesura para promover un cambio de especie ou para adaptar a masa á densidade definitiva.





<b>CORTAS DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	A idade de corta final será definida por cuestión de seguridade e de lonxevidade natural das especies presentes.
Cortas de rexeneración	Sempre selectivas, evitando as cortas a feito.

